

## 43º MEMORIAL “GREGORIO PÉREZ RIVERA” II TROFEO “MARIANO CASTIÑEIRA VILLASECA”

14 de MAIO de 2022

O Concello de Lugo en colaboración coa Delegación da FGA en Lugo, organiza o 43º Memorial “Gregorio Pérez Rivera” e II Trofeo “Mariano Castiñeira Villaseca”, o **SÁBADO 14 de maio de 2022, en xornada de tarde**, na pista ao aire libre do *Estadio Gregorio Pérez Rivera* de Lugo.

### REGULAMENTO

**Art. 1.** Poderán participar os atletas federados con ficha pola Federación Galega de Atletismo aínda que pertencen a clubs de outras Comunidades Autónomas.

**Art. 2.** As inscricións faranse a través do sistema online da web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 22:00 horas do martes anterior á celebración das probas. **Non se admitirán inscricións fora de prazo.**

**Art. 3.**

### HORARIO DEFINITIVO

HOMES	HORA	MULLERES
LANZAMENTO DE DISCO	17:15	SALTO LONXITUDE
100 mv (0.91m)	17:30	100 mv (0.76m-0.84m)
110 mv (0.91-0.99-1.06)	17:40	
	17:55	SALTO DE ALTURA
		100 ml - Semifinal
<b>MINUTO DE SILENCIO E HOMENAXE A MARIANO CASTIÑEIRA VILLASECA</b>		
100 ml - Semifinal	18:15	LANZAMENTO DE DISCO
SALTO LONXITUDE	18:25	
	18:35	1000m (sub 16)
1000m (sub 16)	18:45	
	18:55	100 ml - Final
100 ml - Final	19:00	
	19:10	LANZAMENTO DE XAVELINA
SALTO DE ALTURA	19:15	1500m - Trofeo Mariano Castiñeira
1500m - Trofeo Mariano Castiñeira	19:20	
	19:40	200 ml
200 ml	19:50	
LANZAMENTO DE XAVELINA	20:00	
	20:10	3000m - Trofeo Mariano Castiñeira
5000m - Trofeo Mariano Castiñeira	20:25	

**Art. 4. Participación:**

- **Terán preferencia os atletas pertencentes á provincia de Lugo.**
- En caso que as inscricións superen o número de prazas dispoñibles o criterio para facer a selección será o de mellores marcas, e entre os atletas sen marca realizarase un sorteo.

PROBA	PARTICIPANTES	TENTATIVAS OU CADENCIA
SALTO ALTURA	10	1.10-20-27-34-39-44-47-50.../1.40-50-57-62-67-71-74...
SALTO LONXITUDE	15	4 tentativas + 2 mellora para 4 primeiros
LANZAMENTO DISCO	10	4 tentativas + 2 mellora para 4 primeiros
LANZ XAVELINA	10	4 tentativas + 2 mellora para 4 primeiros

Cada atleta só poderá participar co peso dun artefacto, ou ben o da súa categoría ou ben o absoluto. Os artefactos homologaranse ata 70' antes da celebración da proba, entregaranse na carpa de Secretaría e Resultados.

**Art. 5. Nas probas de carreiras indícarase a mellor marca.** Aqueles atletas que non indiquen mellor marca serán incluídos aleatoriamente no resto das series.

**Art. 6. Premiación:**

Os tres primeiros clasificados de cada proba, independentemente da súa categoría, recibirán unha medalla, as probas de valados teranse coma unha única proba.

Os vencedores das probas do II Trofeo Mariano Castiñeira de 1500m e 5000m recibirán un trofeo conmemorativo. Asimesmo os 3 primeiros atletas máster destas probas (independentemente da súa categoría) recibirán unha medalla.

Será obrigatorio acudir á cerimonia de premiación para levar o premio.

**Art. 7.** Os atletas retirarán o seu dorsal no control de acceso.

**Art. 8.** Os atletas deberán empregar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

**Art. 9.** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu clube. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente na proba a sanción será de 5€.
- Todas as baixas comunicadas con posterioridade ao xoves ás 14:00h darán lugar á tramitación da correspondente sanción, agás no caso de lesión, enfermidade ou confinamento que deberá acreditarse co xustificante facultativo correspondente enviado ata 24h despois da celebración da proba.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6€ por atleta con datos falsos)

**Art. 10.** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

En Lugo, a 18 de abril de 2022

Asdo no orixinal

José Manuel Peña Rodríguez  
Director Técnico da Delegación da FGA en Lugo

**ORGANIZAN:**



Concello de Lugo



Federación  
Galega de  
Atletismo